

INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO Á AULA VIRTUAL

1. Acceso con usuario e contrasinal

O alumnado debe ir á páxina da AV e premer en “Acceder”:



AV Galego (gl) ▾ Vostede non se identificou. [\(Acceder\)](#)

Aula Virtual: IES de Soutomaioir

NAVEGACIÓN 

- Inicio
- ▶ Cursos

Categorías de cursos

▶ Expandir todo

- ▶ 3º ESO
- ▶ 4º ESO
- ▶ 1º BACH (1)
- ▶ 2º BACH (1)
- ▶ Orientación
- ▶ Profesorado (2)

Aula Virtual IES de Soutomaioir

[Ir á web | Ir á galería]

CALENDARIO

◀ Outubro 2020 ▶

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Aparecerá a seguinte pantalla:

Acceso

Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario

Acceso

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Deber ter as cookies activadas no seu navegador 

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

Entrar como convidado

No primeiro acceso á AV empregárase ese usuario e contrasinal, e a propia plataforma solicitará que se **mude o contrasinal** por un de elección propia.

É imprescindible cambiar o correo electrónico no perfil de usuario. As instrucións para facelo están no punto 3 deste documento.

No espazo reservado a tal fin, débese **introducir o usuario e contrasinal** proporcionado para a aula virtual.

No caso de ter problemas para acceder, ir ao seguinte punto.

2. Problemas de acceso para usuarios con usuario e contrasinal

No caso de ter problemas de acceso por usuario ou contrasinal erróneo aparecerá un aviso en cor vermella:

Acceso

 **Nome de usuario non válido, ténteo de novo**


Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario

Acceso

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Deber ter as cookies activadas no seu navegador 

O primeiro que se debe facer é premer na opción **“Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?”**

Aparecerá a seguinte páxina:

Aula Virtual: IES de Soutomaíor

Para restabelecer o seu contrasinal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáramoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome de usuario

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

O máis efectivo é empregar a **busca por endereço de correo electrónico** (que será aquel que se introduciu no primeiro acceso á AV).

É importante sinalar que a busca se fai só por usuario ou só por contrasinal, non se deben encher os dous campos.


Unha vez seleccionada a opción desexada, e premendo en “**Continuar**” na seguinte páxina que apareza, recibiremos un email. Seguindo as súas instrucións restableceremos a nosa conta.

No caso de non recibir ningún correo e non ser capaces de recuperar o contrasinal, podemos **solicitar o seu restablecemento** ao administrador da aula virtual cubrindo este formulario: [Formulario de solicitude de restablecemento de contrasinal](#).


3. Como cambiar o correo electrónico no primeiro acceso á aula virtual

É moi importante cambiar o correo electrónico no primeiro acceso, porque, no caso de esquecer o nome de usuario ou o contrasinal, podemos recuperalo recibindo un email.


Para cambiar o correo debemos acceder á aula virtual co noso usuario e contrasinal. A continuación debemos acceder á área persoal clicando na esquina superior dereita:



No despregable seleccionamos “**Perfil**”:



Na seguinte pantalla seleccionamos “**Editar o perfil**” para modificar o correo electrónico que aparece, e que no primeiro acceso será **nonresponder@edu.xunta**.



Restaurar á páxina a configuración predeterminada Personalizar esta páxina

Detalles do usuario

Enderezo de correo ml@edu.xunta.es

Pais
España

Editar o perfil

Miscelánea

Notas
My certificates
Comentarios do foro
Discusións do foro
Plans de aprendizaxe

Informes

Registros de hoxe
Todos os registros

Detalles do curso

Perfiles do curso

Aparecerán os datos do perfil, temos que modificar o correo electrónico:

Editar o perfil

Xeral


Nome de usuario 

Escolla un método de autenticación  Contas manuais

Conta suspendida 

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos

Novo contrasinal  [Prema para inserir texto](#)  

Forzar o cambio de contrasinal 

Nome *

Apellido *

Enderezo de correo *

Presentar o correo

Cidade/Vila

Por último, baixamos a páxina e clicamos en **Actualizar perfil** para gardar os cambios.

▶ Nomes adicionais

▶ Intereses

▶ Opcional

▶ Outros campos



Actualizar o perfil

4. Solicitar o restablecemento do contrasinal

No caso de que o procedemento anterior non funcione e non recibamos ningún correo para recuperar o contrasinal, podemos solicitar que se restableza ao administrador.

Para facelo, é necesario **cubrir o seguinte formulario web: [Formulario de solicitude de restablecemento de contrasinal.](#)**